

ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO

# PROGRAMA ELECTORAL

# Volt

FUTURO  MADE IN EUROPE

# UNHA EUROPA PARA TODOS

---

Cando vemos como xorden máis e máis conflitos en todo o mundo pensamos na **fortuna que tivemos** a maioría de nós de vivirmos, durante **décadas, en paz** e seguridade. Este período de paz único na historia debémollo ao **proceso de integración europea**, un proceso que á inmensa maioría dos europeos non só nos achegou estabilidade, senón tamén unha **riqueza sen precedentes**.

Pero por moi exitoso que fose o proxecto europeo, aínda non despregou todo o seu potencial. As xentes a habitarmos este continente enfrontámonos a **crises reais**: guerras que suceden nas nosas fronteiras, a catástrofe climática, a pobreza rampante, o trato inhumano ás persoas que procuran refuxio ou a falta de crecemento económico. E estes problemas **non se están a resolver**.

Os gobernos **nacionais non se esforzan abondo** para atallar eses problemas. E cando se deciden a actuar nalgún campo, fano a miúdo **por riba** dos intereses doutros **conciudadáns europeos**.

Velaí xusto o que está a fallar. Non son crises que se poidan atallar ou deter con fronteiras. E por iso é **imposible que os gobernos nacionais poidan superalas** en por eles. Por iso o que acabamos por ter é máis división, máis extremismo e máis parálise.

Pero hai outra vía. Podemos superar estes retos se os **defrontamos xuntos, como europeos**, nunha Europa unida, federal e verdadeiramente democrática.

Xuntos podemos **construír unha Europa** que estea á altura das súas grandes posibilidades e **que funcione para todos e todas nós**, sexamos quen sexamos, vivamos onde vivamos e fagamos o que fagamos.

Unha Europa que **poida defenderse e protexar a paz** no mundo.

Unha Europa que se **oriente decididamente cara ás enerxías renovables** e garanta que as necesidades básicas estean **ao alcance de todos e todas**.

Unha Europa que **acolla** a quen procura seguridade e que **atraia persoas con talento** para que nos axuden a conseguir o que non damos logrado en por nós.

Unha Europa cunha economía que ofrezca **prosperidade** e que **asemade protexa o planeta**.

E unha Europa que non se esgace con **políticas populistas e nacionalistas**, divisivas e inhumanas, senón unha Europa que se caracterice pola **dignidade**, a **solidaridade**, a **equidade** e a **transparencia**, e onde a cidadanía sinta que pode conseguir o que desexa.

# PARA CONSTRUÍRMOS ESTA EUROPA FUNDAMOS VOLT.

Somos o **primeiro partido paneuropeo** e facemos política doutro xeito. Reunimos **as experiencias e as perspectivas de milleiros de personas** –de Irlanda a Romanía, de Finlandia a Malta– para desenvolvermos políticas que están baseadas en datos e feitos. E loitamos polas **mesmas políticas en todos os recantos de Europa**. **Millóns de europeos xa nos confiaron o voto** a nivel municipal, nacional ou europeo. Máis de 125 *voters* representan xa a cidadanía de países como Bulgaria, Alemaña, Grecia, Italia, Países Baixos ou Portugal.

O noso próximo **obxectivo é obter 23 escanos** no Parlamento Europeo. Isto convertiranos nunha forza política independente para todos os europeos e demostrará que o **futuro** pasa por unha **democracia paneuropea baseada en valores**.

---

ESTÁS DE AÇORDO EN QUE HAI QUE  
FACER POLÍTICA DOUTRO XEITO?

CRES NUN FUTUROFEITO EN  
EUROPA?

Se é así, escanea o código QR e únete ao cambio.



# UNIÓN EUROPEA

Facer que a UE sexa máis democrática e darlle máis voz á cidadanía	5
Aumentar a transparencia e loitar contra a corrupción e as prácticas autocráticas	5
Protexer a economía europea cunha nova arquitectura fiscal	6
Darlle a Europa unha voz forte na escena mundial, independente en temas de seguridade	6
Promover a paz e os dereitos humanos a través da axuda, o comercio e a ampliación	6

# ECONOMÍA

Acadar a neutralidade climática da forma máis rápida e xusta posible	7
Actualizar a nosa infraestrutura enerxética e levar o tráfico aéreo e por estrada aos camiños de ferro	7
Protexer o planeta con prácticas sustentables	8
Pór a dixitalización ao servizo de todas e todos	8
Facer de Europa unha líder en innovación e competitividade	8
Facilitar que persoas de todo o mundo traballen e creen valor en Europa	9

# SOCIEDADE

Ofrecer un ensino de alta calidade e con visión de futuro para todos e todas	10
Loitar contra a discriminación para que todo o mundo teña os mesmos dereitos e oportunidades	10
Promover un bo nivel de vida mediante a prestación de servizos públicos vitais e o fomento da solidariedade social	11
Facer que o asilo sexa xusto e humano	11
Protexer os dereitos das persoas no mundo dixital e pór a dixitalización ao servizo de todos e todas as europeas	11

# UNHA MELLOR UNIÓN EUROPEA

A unificación de Europa tróuxonos unha paz e unha prosperidade sen precedentes logo de dúas devastadoras guerras mundiais. A unificación demostrou que o traballo feito en común e con valores comúns, por riba de fronteiras nacionais, consegue evitar a división e a destrución. Pero a UE actual está ben lonxe de ser perfecta. Agora que vemos medrar o populismo e o descontento, é vital que empecemos a darlle forma á nosa UE para que funcione a prol de todos e todas nós.

## PARA MELLORAR A NOSA UE, QUEREMOS:

### FACER QUE A UE SEXA MÁIS DEMOCRÁTICA E DARLLE MÁIS VOZ Á CIDADANÍA

- + Establecer unha **Europa federal con partidos europeos** e mais **cun goberno europeo** presidido por un primeiro ou unha primeira ministra europea.
- + Converter o Consello da Unión Europea nun Senado Europeo, **abolir os vetos nacionais** e **darlle poder ao Parlamento** para que propoña leis.
- + Reducir a **idade de voto aos 16 anos** e permitir que a cidadanía propoña **leis a través de iniciativas populares**.

### AUMENTAR A TRANSPARENCIA E LOITAR CONTRA A CORRUPCIÓN E AS PRÁCTICAS AUTOCRÁTICAS

- + Crear un novo **Tribunal Constitucional Europeo** que poida revogar leis nacionais baseándose nunha **nova Constitución da UE**.
- + **Recurtarlles fondos e capacidade de voto** na UE **aos gobernos** que minen a democracia, a liberdade dos medios de comunicación, os dereitos fundamentais ou o seu sistema xudicial, e permitir neses casos un **financiamento directo a concellos e cidades**.
- + Facer que se cumpran as normas europeas que **protexen os xornalistas das presións políticas**, e obrigar a **lobistas** e grupos de presión a **rexistraren todas as xuntanzas** nunha plataforma pública, para que saibamos qué fan os políticos.

## PROTEXER A ECONOMÍA EUROPEA CUNHA NOVA ARQUITECTURA FISCAL

- + Completar a Unión Bancaria e da Eurozona e permitir que un novo Ministro ou **Ministra europea de Facenda** presente un orzamento anual.
- + Capacitar a UE para **contrarrestar os golpes e os abalos económicos** con normas claras sobre o déficit, as obrigas de reforma e as ferramentas estabilizadoras do investimento.
- + Introducir un **tipo mínimo do imposto de sociedades do 22%** en toda Europa e garantir que **os beneficios se graven onde se obteñen**.

## DARLLE A EUROPA UNHA VOZ FORTE NA ESCENA MUNDIAL, INDEPENDENTE EN TEMAS DE SEGURIDADE

- + Crear unhas **forzas armadas europeas baixo control do Parlamento** e xestionar conxuntamente a compra de armas.
- + Conseguir que haxa un verdadeiro Ministro ou **Ministra Europea de Asuntos Exteriores**, que leve a cabo unha política exterior unida e baseada en valores, e que traballe polo consenso mundial en temas como o clima, a IA ou a ciberseguridade.
- + Establecer un sistema europeo de **revisión do Investimento Estranxeiro Directo (IED)** para analizar os investimentos en infraestruturas críticas e estratéxicas, e crear un **servizo de intelixencia conxunto**.

## PROMOVER A PAZ E OS DEREITOS HUMANOS A TRAVÉS DA AXUDA, O COMERCIO E A AMPLIACIÓN

- + Procurar **acordos comerciais** baseados na sustentabilidade e os dereitos humanos, para diversificar as dependencias comerciais de Europa.
- + Achegar máis de 100 000 millóns de euros á **axuda oficial ao desenvolvemento** e coordinar o financiamento da axuda a través dunha Axencia Europea de Desenvolvemento.
- + Apoiar a **Ucraina** con armas e fondos ata que recupere a integridade territorial, e introducir un novo procedemento gradual **para a adhesión dos países candidatos á UE** que sexa máis xusto, transparente e eficiente.

# UNHA ECONOMÍA FAVORABLE Á INNOVACIÓN E NEUTRAL PARA O CLIMA

A economía europea proporcionounos durante décadas un alto nivel de vida. Pero ese éxito tivo un prezo. Case todos os días espertamos con novas de catástrofes climáticas que asolagan unha parte de Europa e que a queiman noutra parte. Sabemos que se queremos sobrevivir e prosperar temos que mudar a forma en que xestionamos a economía. Mais este momento de crise é tamén unha oportunidade para o cambio positivo. Podemos aproveitar a innovación, a creatividade e o talento que Europa xa ten para construímos unha economía sustentable e neutral dende o punto de vista climático que nos acompañe durante todo o século XXI.

**PARA CONSTRUÍRMOS UNHA ECONOMÍA  
AXEITADA AO SÉCULO XXI, QUEREMOS**

## ACADAR A NEUTRALIDADE CLIMÁTICA DA FORMA MÁIS RÁPIDA E XUSTA POSIBLE

- + **Rematar coas subvencións aos combustibles fósiles**, introducir un **Imposto transeuropeo ao Carbono** e utilizar eses ingresos para **axudar as persoas máis afectadas** pola transición verde.
- + Comprometérmonos a ter unha **economía climaticamente neutral en 2040** e un sector enerxético climaticamente neutral en 2035.
- + Establecer una **Estratexia de Empregos Verdes** para as rexións con máis dificultades, mellorando a conectividade e as infraestruturas, apoiando a reconversión profesional e colaborando con empresas e institucións formativas en sectores estratéxicos.

## ACTUALIZAR A NOSA INFRAESTRUTURA ENERXÉTICA E LEVAR O TRÁFICO AÉREO E POR ESTRADA AOS CAMIÑOS DE FERRO

- + Apoiar a economía cunha **Rede Europea de Enerxía Intelixente**, que axilice os permisos para as renovables, apoie las iniciativas de aforro enerxético e lle permita á cidadanía volver enerxía á rede.

- + Promover a **eliminación total do carbón** para 2030 e abandonar a concesión de novos permisos a exploracións para achar combustibles fósiles.
- + Establecer un **servizo ferroviario de alta velocidade** asequible e interconectado que substitúa o transporte aéreo en Europa.

## PROTEXER O PLANETA CON PRÁCTICAS SUSTENTABLES

- + Protexer o benestar animal **prohibindo o transporte de animais a longa distancia** a países de fóra da UE así como as gaiolas individuais nas granxas.
- + **Eliminar progresivamente as subvencións ás prácticas agrícolas prexudiciais** para o ambiente e redirixir fondos á agricultura rexerativa.
- + **Restaurar a biodiversidade** establecendo obxectivos europeos e nacionais vencellantes, apoiando proxectos de restauración da natureza nos medios terrestres e acuáticos, e protexendo os insectos polinizadores autóctonos.

## PÓR A DIXITALIZACIÓN AO SERVIZO DE TODAS E TODOS

- + Crear unha **xanela única para empresas de nova creación e PEMEs** para guialas pola burocracia, e introducir o **inglés como lingua oficial adicional** en toda Europa.
- + Facer que todos os **servizos administrativos sexan interoperables** en toda Europa e aplicarllles un enfoque de **datos abertos e de código aberto** a todos os programas e datos de contratación pública.
- + Implantar a **carteira dixital europea**, para que os cidadáns e cidadás teñan control sobre o uso da súa identidade, cun almacenamento de datos descentralizado e unha sólida protección de datos.

## FACER DE EUROPA UNHA LÍDER EN INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE

- + Fomentar a excelencia investigadora da UE triplicando o **financiamento de Horizon até os 300 000 millóns** de euros e simplificando o acceso ao financiamento para as start-ups e as empresas de menor tamaño.
- + Esixirlles aos grandes investidores que destinen polo menos o 5% dos novos fondos a **start-ups** e facer que o Banco Europeo de Investimentos garanta 100 millóns de euros en empréstitos para proxectos de infraestruturas para start-ups.
- + Europeizar as axudas estatais que invisten en cadeas de valor de importancia estratéxica para **protexer o mercado interior** e a competencia entre Estados membros.



## FACILITAR QUE PERSOAS DE TODO O MUNDO TRABALLEN E CREEN VALOR EN EUROPA

- + Permitirlles aos e ás **traballadoras a distancia** traballaren fóra das fronteiras nacionais, e ofrecerlles ás persoas autónomas e que traballan na economía colaborativa a mesma protección que ás persoas que o fan con contrato.
- + Garantir un estándar de recoñecemento de **calificacións e competencias** común a toda a UE, e mellorar a capacidade administrativa para que as familias das persoas que traballan poidan reunirse con elas nun prazo de tres meses.
- + **Establecer un Código Europeo das Migracións** que cree vías legais e áxiles que atraian talento internacional de todas as cualificacións e niveis salariais.

# UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA

Cos seus abondosos recursos, Europa debería ser un lugar onde persoas de todo o mundo puidesen crear un futuro próspero para elas e as súas comunidades. Porén, para moita xente hai barreiras en forma de discriminación, ou de acceso deficiente aos servizos, ou de desigualdade de riqueza, barreiras que supoñen unha limitación innecesaria á súa participación na sociedade. Defrontando e eliminando a discriminación, defendendo os dereitos das persoas, e garantindo que toda a xente poida acceder ao que necesita, podemos construír unha sociedade máis equitativa onde todas as persoas poidan prosperar independentemente da súa orixe e circunstancias vitais.

**PARA CONSTRUÍRMOS UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA  
E EQUITATIVA, PROPÓMONOS:**

## **OFRECER UN ENSINO DE ALTA CALIDADE E CON VISIÓN DE FUTURO PARA TODOS E TODAS**

- + Aumentar o orzamento dos intercambios europeos para que **Erasmus+** sexa máis accesible e inclusivo para aprendices, estudantado e profesorado.
- + Garantir por lei o dereito a garderías gratuitas e de calidade e a unha **educación permanente asequible**, e mais promover as competencias profesionais axeitadas a unha economía verde e dixitalizada.
- + Abordar os **retos de saúde mental** da mocidade, financiando proxectos de saúde mental nas escolas e educando no uso saudable dos medios e redes sociais.

## **LOITAR CONTRA A DISCRIMINACIÓN PARA QUE TODO O MUNDO TEÑA OS MESMOS DEREITOS E OPORTUNIDADES**

- + Esixirlles a todas as institucións da UE que teñan en conta a **perspectiva de xénero** na elaboración das políticas.
- + **Consagrar por lei o dereito ao aborto**, á anticoncepción e a unha educación integral en dereitos sexuais e reprodutivos, o dereito ao **matrimonio igualitario** e o dereito ao **recoñecemento legal do xénero**.

- + Crear unha **Axencia Europea da Discapacidade** para garantir a plena aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (CDPD).

## PROMOVER UN BO NIVEL DE VIDA MEDIANTE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS VITAIS E O FOMENTO DA SOLIDARIEDADE SOCIAL

- + Establecer unha **Renda Básica Europea (RBE)**, aquelada ao custo de vida de cada rexión, que cubra os gastos básicos de subsistencia e asemade incentive o traballo ben remunerado.
- + Permitir que a UE financie directamente proxectos de **vivenda social** nas cidades máis tensionadas.
- + Establecer financiamento directo a nivel local para axudar as comunidades a **integrar os recién chegados** en función das súas necesidades.

## FACER QUE O ASILO SEXA XUSTO E HUMANO

- + Crear **corredores humanitarios para proporcionarlles un paso seguro** ás persoas vulnerables, evitando a morte en masa de persoas no Mediterráneo e no Atlántico.
- + **Recolocar as persoas solicitantes de asilo** que chegan ás nosas fronteiras de forma rápida e xusta, combinando acordos rexionais voluntarios con obrigas nacionais.
- + Esixir legalmente que os procedementos de asilo se completen nun prazo de **tres meses**, proporcionándolles asemade aos solicitantes de asilo apoio social, xurídico e psicolóxico.

## PROTEXER OS DEREITOS DAS PERSOAS NO MUNDO DIXITAL E PÓR A DIXITALIZACIÓN AO SERVIZO DE TODOS E TODAS AS EUROPEAS

- + Establecer un **servizo europeo de streaming**, que lle proporcione á cidadanía acceso de balde a todos os medios de comunicación financiados con cartos públicos no conxunto da Unión.
- + Converter a **Declaración sobre Dereitos e Principios Dixitais Europeos** para a Década Dixital nun instrumento xurídico vencellante.
- + **Gravar os ingresos das tecnoloxías dixitais** alí onde se xeren, oporse as leis que ameacen a neutralidade da rede, e tomar medidas contra os usos pouco éticos da IA.